

2.- OBXECTIVOS

No seguinte estudo preténdese a recollida e análise de información na finca de experimentación de castes de mazá de sidra do CFEA de Guísamo, Bergondo (A Coruña), durante todo o ciclo productivo do cultivo, de acordo cos requerimentos básicos deste, que permita posteriormente determinar a súa viabilidade para o establecemento a nivel comercial, xustificando a elección das castes e patróns, marcos de plantación, etc. para obter millor calidade con menores custes, no medio mais axeitado para o cultivo por ter as condicións ambientais e edáficas ideais.

As fotografías dos froitos facilitará a identificación e o recoñecemento de cada unha das castes

É importante considerar que o consumo de sidra está a medrar así como o interese dos/as consumidores/as polos produtos do país o que tamén se dá en chamar consumo responsable ou de cercanía e ecolóxicos que non danen o medio.

Por isto, se entende como unha boa proposta, o cultivo de maceiras, e que así, pódase dar un maior pulo ó cultivo, especialmente con destino a sidra, e que o país se beneficie de un uso máis no rural, fixando poboación, complementando outras actividades ou mesmo atraendo nova xente e dado que a súa tecnoloxía sinxela e económica, adáptase a persoas que non queiran facer unha gran inversión inicial.

Para conseguir dito obxectivo, é necesario abordar as seguintes tarefas:

Obter datos do patrón, tipo de laboreo, marco de plantación e entitorado elegidos.

Obter datos da fertilización, desboces e aplicación de herbicidas se as houbera.

Obter datos da resposta ás podas de cada caste.

Obter datos dos estados fenolóxicos de cada caste.

Obter datos da resposta das incisións feitas para vestir á árbore nas zonas baleiras.

Obter datos da resposta á eliminación de flores e/ou froitos.

Obter datos da resposta ós tratamentos fitosanitarios se os houbera.

Obter datos dos rendementos (horas de traballo necesarias) de cada tarefa relacionada co cultivo.

Obter datos de azucre e dureza para estimar o momento idóneo da colleita

Obter datos reais de calidade, amargor, acidez, firmeza, cor, peso e calibre de cada mazá analizada.

Obter datos do resultado da mestura das castes en función das características organolépticas de cada unha delas na sidra experimental elaborada.